UN VERÁN DE LECER

Propostas de creacións culturais

Editan: Servizos de Normalización Lingüística dos Concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Zas
Deseño e maquetación: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Zas
Imprime: Imprenta da Deputación da Coruña
Licenza: Creative Commons Atribución-Non comercial-Compartir igual 3.0
http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0

Fotografía da portada de Geras. Baixada de Sxc.hu
Fotografía da páxina 4 de Daquella_manera. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 6 de Rcpl. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 8 de Hcplebranch. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 10 de Henrychinaski. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 12 de Pamhule. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 13 de Dolanh. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 14 de Ed_Yourdon. Baixada de Flickr.com
Fotografía da páxina 15 de Janrito_Kalamazov. Baixada de Flickr.com

Con estas propostas de creacións culturais e de lecer para o verán pretendemos difundir a oferta cultural existente en lingua galega e coordinar as recomendacións culturais que os centros de ensino das comarcas de Bergantiños e da Terra de Soneira lles fan ao alumnado ao final do curso escolar.

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNL) aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004 xa establecía na área 6, dedicada ao lecer e ao tempo libre, como obxectivo específico o de conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.

Ao mesmo tempo estamos a crear redes que apoien accións de normalización lingüística. Na edición e/ou difusión desta guía participan os Servizos de Normalización Lingüística presentes nos concellos das comarcas de Bergantiños e da Terra de Soneira (Cabana de Bergantiños, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Zas), os Equipos de Dinamización Lingüística dos centros de ensino dos ditos concellos e a Unidade Técnica de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña, todo un exemplo de colaboración interinstitucional que permite que o produto chegue a máis persoas reducindo o seu custo.

Neste catálogo poderedes atopar recomendacións de lectura, ordenadas por idades, de banda deseñada, de música e de xogos.

Agora que chega o verán só queda gozar del, pero gozar en galego!

PILÚ, PILÚ!

Susana Isern & Katharina Sieg

OQO

12,90€

Dun modo divertido, *Pilú Pilú!* achega os pequenos á posible orixe da relación real entre os crocodilos e os paxaros pluviais, máis coñecidos como corredores exipcios. Esta ave límpalles a boca de restos de comida, de parasitos coma samesugas e outros invertebrados.





A LÚA LADROA

Pablo Albo & Pierre Pratt

OQO

12,90€

Un día o meu chupete desapareceu. Miña nai díxome que o levara a Lúa. Eu non pensei que a Lúa fose unha ladroa e busquei o meu chupete por toda a casa. Busquei nos caixóns pero non estaba...

ANTÓN, SI TAL

Arturo Iglesias & Xosé Tomás

Baía Edicións

6,70€

Cunha estrutura que alterna nas páxinas unha afirmación coa correspondente negación, o libro afirma que Antón vive onde morre o sol, pero non pensa que este sexa unha froita; que merenda froita e leite, pero non cre que cos cartóns de leite se poida montar unha vaca...



IMAXINA ANIMAIS

Xosé Ballesteros & Juan Vidaurre

Kalandraka

13,00€

Ideas que van e veñen, xogos de palabras, ferramentas que deixan de ser o que son para camuflarse nun espazo alleo... Os autores descontextualizan o significado das cousas, alteran por sorpresa o seu estado natural e propóñenlle ao lector un xogo...

A PRINCESA SABELA

Cornelia Funke & Kerstin Meyer

Xerais

12,50€

Que aburrido é ser unha princesa! Sabela está farta de que llo dean todo feito, de ter que sorrir decote e vestir roupas bonitas e súper limpas. Ela quere poder subir ás árbores, meter o dedo no nariz, vestirse e peitearse soa… Unha mañá, cansa de ser unha princesa, decide guindar a súa coroa ao estanque dos peixes...

OS LUNARES DE LOLA

Xoana Álvarez & Raquel Álvarez

Triqueta Verde

15,00€

Lola quere ir pasear pola praia, e o seu paraugas tamén... Nesta historia o compañeirismo e a amizade conseguirán que a choiva sexa motivo para que Lola busque o seu pequeno paraugas.

BILINGÜE GALEGO-INGLÉS



A NAI DO HEROE

Roberto Malo, Francisco Javier Mateos & Marjorie Pourchet

OQO

14,90€

O novo rexente herdou un reino inmenso, con ducados, marquesados, territorios de ultramar… —E que palacio! –dicía a xente. Herdou tamén unha débeda de cen mil moedas de ouro cun perigoso cabaleiro da fronteira: o cabaleiro Negro...

NA PUNTA DO PÉ

Pesdelán & João Vaz

Kalandraka

25,00€

Libro-CD-DVD que anima aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego e portugués dun xeito ameno, divertido e participativo.
O DVD contén explicacións dos pasos e demostracións dos bailes.

O GRAN LIBRO DOS MEDOS DO RATO PEQUENO

Emily Gravett

Patas de Peixe

14,00€

Este é un libro de fobias ratonís que sempre estarán superadas polo medo humano. Aprenderedes moitas fobias que non coñeciades e buscaredes a vosa propia, porque... todo o mundo temos medo de algo!

CATÁLOGO DE OBXECTOS REBULDEIROS

Pablo Prestifilipo

Faktoría K

10,00€

O profesor Aristítoles unha noite viu na televisión un programa no que aparecía un señor que tiña na parede da súa casa unha mancha de humidade co retrato dun xogador de fútbol...



ÁGUEDA E O MISTERIO DOS CALCETÍNS

Paula Señarís

Galaxia

9,70€

Águeda está a piques de comezar unha aventura inesperada cando se ve obrigada a deixar a comodidade da vida na cidade para marchar cara a un mundo máis "rural" que, en principio, semella que non lle apetece moito coñecer…

A MODELO DESCALZA

Jordi Sierra i Fabra

Galaxia

14,00€

Neste libro abódanse temas como a tiranía da imaxe perfecta, os transtornos alimentarios consecuentes… pero tamén o desamor e as dificultades asociadas ao corazón humano no terreo sentimental.

NOAH BARLEYWATER ESCAPA DA CASA

John Boyne

Faktoría K

14,00€

Aos seus oito anos, Noah pensa que é máis doado facerlles fronte aos seus problemas se non pensa neles. E por iso escapa da casa. Por un camiño inexplorado a través da fraga...

PODEROSA 3. DIARIO DUNHA RAPAZA QUE TIÑA O MUNDO NA MAN

Sérgio Klein

Xerais

13,00€

Nesta terceira entrega Joana Dalva, unha rapaza adolescente, continúa a transformar en realidade aquilo que escribe coa man esquerda.

DRAGAL II. A METAMORFOSE DO DRAGÓN

Elena Gallego Abad

Xerais

11,00€

Mónica prepárase para acudir á súa cita na Poza da Moura. A moza non sabe aínda que a noticia da desaparición de Hadrián corre pola vila coma un regueiro de pólvora nin que alguén vixía de preto os seus pasos...

1Q84

Haruki Murakami

Galaxia

11,00€

Aomame é unha asasina que non deixa trazas nas súas vítimas, coma se finasen de morte natural. Tengo é un profesor e autor inédito ao que lle piden que reescriba unha novela abraiante mais imperfecta. Fukaeri é unha estudante cuxos pais, membros dunha comuna levan sete anos desaparecidos.



A CHAMADA DE CTHULHU

H. P. Lovecraft

Urco

14,00€

Neste volume preséntanse as primeiras obras de H.P. Lovecraft nas que se perfila este inmenso e complexo cosmos estarrecedor poboado das máis aberrantes entidades.

SVEA KÖTT (CARNE SUECA)

Domingo Tabuyo

Xerais

16,15€

O inspector Sindo Romero deberá investigar un crime cometido no centro de Madrid. A aparición doutro cadáver, desta volta en Cambados, que levaba na carteira un recorte de periódico, fai medrar as incógnitas. Existirá algunha conexión entre ambos os dous crimes?

NON HAI NOITE TAN LONGA

Agustín Fernández Paz

Xerais

17,50€

Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado e que as feridas mal curadas non deixan de supurar.

O IMPOSIBLE DE DESATAR

Iván García Campos

Galaxia

11,00€

Ao ler vaise compoñendo a historia dunha familia de hoxe. A dunha semana da súa vida, desde o almorzo á noite, para descubrir a verdade que hai detrás dos xestos nimios e as medias palabras. Para compartir sentimentos ocultos e revelar o sentido dos silencios..

O MEU GATO É UN POETA

Fran Alonso

Xerais

12,00€

Este é un libro que pretende transmitir a poesía dun xeito lúdico, divertido e, sobre todo, accesible para os lectores e lectoras. Está ideado coma se fose un xogo ou un obradoiro.
O libro vai acompañado dun CD que amplía ante os lectores a súa visión da poesía.

CECAIS UNHA LUZ

Manuel María

Fundación Manuel María de Estudos Galegos

9,00€

Esta obra móstranos un poeta intimista e maduro, dono dos segredos da arte literaria máis auténtica e posuidor igualmente dunha variedade de rexistros consubstancial a un poeta vocacional como era el..



LÓBREGO ROMANCE, PÁLIDA PANTASMA

Jack Mircala

El Patito Editorial

13,00€

Esta obra ofrécenos a oportunidade de nos adentrar nun mundo de outrora e nunha rexión ígnota, Malvadia, na que o intrépido narrador beberá de maneira activa os seus misterios para despois recrealos.

GOLFIÑO E OS INVASORES

Fausto

El Patito Editorial

15,00€

Golfiño e os seus amigos deberán enfrontarse a unha raza alieníxena que chega á Terra con propósitos inconfesables...



VIOLENTOS ANOS DEZ

Ataque escampe
http://aregueifanetlabel.blogspot.com/

Os anos dez traen a cara engurrada dos policías xubilados. Tanto nos ten: nunca seremos policías e nunca estaremos xubiladas. Facemos cancións porque non temos emprego. Non queremos dicir, porque se trata case dun tópico, que o ritmo do baile son os latexos de milleiros de pequenos corazóns subalternos..

PRESSING CATCH

VV. AA.
http://aregueifanetlabel.blogspot.com/

Este CD naceu no marco do proxecto Pressing Catch, de Berrobambán dirixido a grupos emerxentes que compuxesen as súas cancións en galego.
Foron un total de 24 as cancións presentadas a concurso, das que o xurado escolleu estas doce.
Agora tes o resultado. Preparad@ para entrar no cuadrilátero?

GALEOKE

32,00€

Xogo de karaoke onde acumulas puntos emulando o cantar dos teus artistas galegos preferidos.
http://galeoke.com

ARUME XOGAL

39,50€

Xogo que se basea no coñecemento da historia, das tradicións, da arte, cultura e da lingua de Galicia.
Alén dun desafio cultural pretende ser un estímulo que xere a arela de afondar na esencia mesma da súa identidade.

CONCELLO DE PONTECESO

CONCELLO DE ZAS

Colabora: